

*el conde autorizaba el encuentro comercial, percibía unos derechos por ello (8 reales), y los organizadores, (los territorios de Sela y Albeos) los otros cuatro por sus respectivos derechos derivados de la feria ganadera.*

En este territorio, no había hospitales (tampoco existían éste tipo de instituciones en Elviña, Oza, Viñas, y Visma); ni personas dedicada al préstamo: cambista o mercader.

#### **6.6.4.- Otros oficios y ocupaciones:**

Se constata en este ámbito plenamente rural la existencia de un abogado ¿cuál puede ser la razón?. La aldea o población de Sela al estar alejado de su núcleo urbano principal (Tuy) precisaría los servicios de un profesional para las cuestiones específicas de este oficio, pues bien se conoce que en Galicia los diferendos respecto a predios en sí mismos, o sobre pleitos respecto al uso o servicios prediales o personales alcanzaban cierta importancia, cuestión que recoge magníficamente el profesor Pergerto Saavedra en su trabajo “Reforma Fiscal y control del Territorio: El Catastro de Ensenada – “la confusión de Babel”- en Galicia<sup>203</sup>, en donde se hace eco de las características del rural así como otras cuestiones de orden inmobiliario en el campo gallego: extremo minifundismo, la existencia de diversos derechos sobre las fincas (dominios directo o eminente, frente al útil o posesorio) básicamente centradas en el contrato de foro.

Había también un administrador de aduanas, funcionario de especial importancia teniendo en cuenta la naturaleza fronteriza de Santa Marina de Sela con el Reino de Portugal. Debía de ser muy lucrativo tal oficio pues se le atribuyeron unos rendimientos anuales de, 2.250 reales, y además este personaje también era “...cabo de ronda de la renta de salinas”, y por ambos empleos percibía aquella cantidad. Naturalmente no existía nada parecido en los territorios coruñeses por no ser frontera política.

El Libro del Interrogatorio nos informa que había cuatro cirujanos, que “...cada uno año” percibían 300 reales; también 2 sastres, y 2 herreros, recibiendo por jornal 3, y dos reales “...por cada día que trabajan”.

Parece que no había desempleo pues no se da cuenta de personas dedicadas al jornal (véase la respuesta a la pregunta 35<sup>a</sup>), y curiosamente, tampoco había “...individuo alguno de los de esta feligresía que tenga embarcaciones, que naveguen en el mar o ríos”; parece sorprendente que no se registre embarcación alguna teniendo en cuenta que el Río Miño era una de las marcas principales de esta feligresía, navegable, y además uno de los más significativos de España en su función de frontera con Portugal.

#### **6.6.5.- Estructura Profesional.**

El Libro del Vecindario nos ofrece un detalle exhaustivo que “...comprende todos sus Yndividuos seglares de ambos sexos con distinción de edades, estado, oficio, arte, e Industria y de lo que en cada uno se utiliza.

---

<sup>203</sup> SAAVEDRA, Pegerto, Reforma Fiscal y control del Territorio: “*El Catastro de Ensenada – La confusión de Babel en Galicia*”; trabajo realizado en el marco del Proyecto de Investigación HUM2005-06645/HIST, financiado por la Dirección General de Investigación del Ministerio de Educación y ciencia.

## Ilustres da raia mollada

### Manuel Puente González, filántropo, patriota fervoroso e mecenas da cultura

A emigración galega foi inmesamente abondosa en homes e mulleres que, saídos dunha Galicia enterrada nun feudalismo mísero, a finais do século XIX e principios do XX, souperon construírse a si mesmo autoformándose na Universidade da Vida. Moitos deles convertéronse, a base de esforzo—de moito esforzo e ilusión— en aventureiros emprendedores e acadaron metas no mundo dos negocios e da empresa, impensables cando saíron —aínda nenos— da aldea natal, lanzándose ao descoñecido, a unha travesía cara a un mundo tan diferente ó seu o que souperon—en moitos casos— vencer e convencer.

Un destes emigrantes atrevidos foi un veciño da parroquia de Oleiros, no concello de Salvaterra do Miño chamado Manuel Puente González, que unha vez consolidado como empresario puxante, cedeu parte do beneficio do seu negocio ó servizo dos galegos que chegaban exiliados á Arxentina durante e unha vez rematada a tráxica guerra incivil.

Manuel Puente González naceu na parroquia da raia mollada, Oleiros, concello de Salvaterra do Miño, o 16 de agosto de 1890 nunha moi humilde familia labrega que se converteu aínda en máis mísera e pobre a partir da morte do pai, cando o neno Manuel, morgdo se houbese dote, só contaba seis anos de idade.

Sen tempo para aprender as letras ten que gañarse a vida de recadeiro nun almacén de ultramarinos da vila e así contribuír a soste-la casa familiar. O rapaz, esperto e observador, dáse conta de que alí, na ribeira do Miño, non hai futuro, e, con trece anos recién cumpridos, sube no tren, camiño de Barcelona, de donde oírse que no incipiente sector textil había traballo e oportunidades de abondo. Quería gañar cartos para sacar a nai da miseria.

Pasados dous anos na capital catalana e atraído pola capacidade de facer fortuna en América, Manuel Puente embarca no porto da cidade condal no barco Oropesa para chegar a metrópole que mira como o río da Plata se funde no mar o 30 de xaneiro de 1906. Na capital da República Arxentina, desde unha modesta pensión da rúa Avellaneda, comeza a súa actividade empresarial o natural de Oleiros como representante de comercio e vai

traballando día e noite por toda a inmensa nación vendendo os produtos e acadando en poucos anos unha cómoda situación económica. O ano seguinte manda vir a nai carón del; tiña que sacala da miseria galega. Nese intre, Manuel Puente decatouse que para triunfar na vida tiña que por algo máis que traballo, tiña que engadirlle formación académica, cousa que el non posuía, polo que, cando o tempo llo permite, acude a academias e colexios que imparten docencia fora das horas de traballo. Esta adquisición de coñecementos complementábase cunha paixón pola lectura que consegue facer del un lector empedernido. Pouco a pouco vai acompañando ó seu traballo riguroso unha excelente preparación humanística que o converte nun empresario do sector da xoiería e pratería con proxección internacional.

En 1919 funda a empresa Manuel Puente e Cia., que en poucos anos se converte na primeira comercializadora de xoias de todo o país e que, en 1925, xa estaba extendida por Europa.

En 1929 visita a aldea natal e colabora moi activamente na edificación da casa do pobo.. A II República Española está a volta da esquina e, Manuel Puente fai votos a favor dela e do socialismo como filosofía de vida para salvar ós pobos. O seu compromiso político comeza a posicionalo a favor dos máis desfavorecidos, así como un meditado entusiasmo a prol do galegismo cada vez

maior. En Buenos Aires funda a Asociación dos naturais de Salvaterra do Miño.

No comezo da década dos trinta é nomeado directivo da Federación de Sociedades Galegas, compartindo con Antón Alonso Rios e Ramón Suárez Picallo, e o de presidente da Unión Progresista do distrito de Salvaterra do Miño. Entusiasmado coa instauración da Re-



pública en España, visita a localidade natal e faise un loitador incansable en contra do caciquismo e a favor dos dereitos e liberdades dos veciños. Colabora asiduamente na causa republicana e, en 1938, en plena guerra incivil funda a Cámara de Comerciantes Republicanos e preside o Centro Republicano Español de Buenos Aires, dispoñendo parte dos beneficios das empresas propias a disposición dos exiliados, para, os que incluso chega a fletar avións para traelos a América. A casa na que reside na rúa Ribadavia da capital portuense convértese na primeira morada e embaixada permanente do exilio español na República Arxentina. Por alí pasan Rafael Dieste, Luis Seoane e tantos outros intelectuais galeguistas que tiveron que abandonar a terra pola represión fascista que suscitou a inxusta guerra.

En 1940 sucede algo especial na súa prolífica existencia: chega a Buenos Aires Daniel Rodríguez Castelao, o irmán que non tivo -según as palabras da súa filla-. A amizade co de Rianxo é inminente e Manuelponse a

disposición do pai do galeguismo para todo o que precise. Primeiramente instala ó matrimonio Castelao na súa casa para, mais tarde, ofrecerlle un piso na mesma rúa coa intención de que vivan máis privadamente. Faise cargo de todos os gastos do escritor e político e ponlle a disposición unha conta corrente para que poida exercer, coa dignidade que merece, os cargos que o goberno da República no exilio lle encomenda, entre eles o de ministro sen carteira. Neses anos amplía a actividade de mecenazgo fundando a editorial Nós na cidade do Plata, na que se editan varios libros de Castelao, ademáis de recaudar fondos entre os empresarios galegos na Arxentina para que os deputados galegos republicanos no exilio poidan desprazarse a México a unha sesión das Cortes.

Elocuente orador e animado motivador de xuntanzas galeguistas, Manuel Puente súmese nunha tristura aceda ó coñecer a enfermidade de Castelao. Tenta fletar un avión co que trasladalo ós Estados Unidos para ser tratado por médicos daquel país, pero desiste deste feito, aconsellado por galenos arxentinos que falan do estado terminal do escritor, que falece o 7 de xaneiro de 1950.

A partir desta data, Manuel Puente comeza a recoller os froitos do seu labor altruista e de mecenazgo. Recibe homenaxes e condecoracións. En 1956 organiza e preside o Iº Congreso da Emigración Galega, ó que asistiron representantes de todos os países americanos onde residían galegos. A finais de 1969, Manuel Puente enferma de gravidade e, non podendo recuperarse das doenzas, morre o 24 de marzo de 1970. Co pasamento, desaparece un galego comprometido co seu país que puxo os beneficios económicos a disposición do mesmo; un home amoroso coa terra humilde que o viu nacer e que fixo todo canto puido por facilitarlle o traballo a aqueles galegos que podían aportar algo en beneficio da patria. Para o seu recordo queda unha fundación que leva o seu nome e que ten a sede na casa da rúa Ribadavia da capital arxentina donde viviu un home natural de Salvaterra, un dos bos e xenerosos que xa ten un sitio no Olimpo da galeguidade.

#### Bibliografía:

-Gran enciclopedia galega. Tomo XXXVII, páxinas 145-146

-Pérez Leira, Luis. Biografía publicada en Enciclopedia da Emigración Galega.

-Diario El País. 18 de febrero de 2012.

O grupo de teatro Seliña xa ten  
preparada a nova obra

# Grupo de teatro SELIÑA

ESTREA EN BREVE EN ESTE  
AUDITORIO A COMEDIA:

## MENUDA FAMILIA



A.C Evaristo de Sela